

TRADUCCIÓN DE SOFTWARE LIBRE

UNHA INTRODUCCIÓN

Marce Villarino, Leandro Regueiro

Proxecto Trasno

25 de abril de 2009

Proxecto Trasno

ESQUEMA

- 1 INTRODUCCIÓN
 - Gettext
- 2 ROLES E CICLO DE TRADUCCIÓN
- 3 FERRAMENTAS
- 4 RECURSOS

INTRODUCCIÓN

Introducción

I18N E L10N

I18N

É o deseño e desenvolvemento do contido dun produto, programa ou documento que simplifica a localización para audiencias de diferentes culturas, rexións e con diferente linguas

L10N

É a adaptación do contido dun produto, programa ou documento para satisfacer os requirimentos culturais e idiomáticos, entre outros, dun mercado de destino (o denominado «local»)

I18N E L10N

TAREFAS DA I18N

- Os elementos da UI (fiestras, menús etc) deben modificarse para aceptar textos traducidos
- Os textos estáticos deben facerse configurábeis
- Os textos dinámicos (datas, horas) deben formatarse segundo o costume local
- O código de xestión de texto debe calcular os límites entre palabras segundo o local
- Os datos tabulados deben poder ordenarse segundo o local
- As iconas e os gráficos deber modificarse para ser máis apropiados culturalmente
- Os ficheiros de son con contido falado deben gravarse de novo
- A axuda en liña debe traducirse

I18N E L10N

A LABOR A L10N

- 1 Crear traducións para todos os elementos da interface
- 2 Traducir todos os textos estáticos
- 3 De ser preciso, crear iconas e gráficos localizados
- 4 Gravar todo texto falado na lingua de destino
- 5 Verificar que o produto localizado emprega a axuda traducida
- 6 Verificar o formato dos datos que deban recibir unha adaptación local (datas, moeda)
- 7 De ser preciso, integrar dicionarios e outras ferramentas lingüísticas
- 8 As funcións de ordenamento no código deben respectar o local.

I18N E L10N

POR QUE LOCALIZAR?

- Facilitar o uso do software a persoas de cultura non inglesa
 - A xente (se pode) emprega o programa na súa lingua
- Requirimento de certos organismos
- Aumento da difusión da cultura propia
- Adaptación da cultura propia aos novos tempos
- Espallamento do software libre
- O software libre permite traducir

GETTEXT

GETTEXT

É o sistema que se emprega na maior parte do software libre para internacionalizar

- Gettext facilítanos moito a vida porque proporciona un sistema de tradución único e máis ou menos estándar
 - Pero non é un sistema perfecto...

GETTEXT

FUNCIONAMENTO, VISTO POLO TRADUTOR

- 1 Os desenvolventes **MARCAN** as frases
- 2 Un programa extractor analiza o código para crear os ficheiros modelo (.pot) cos textos
 - Os .pot son unha lista orixinal-tradución
- 3 O tradutor obtén o .pot, cámbialle a extensión a .po e ponlle tradución aos orixinais
- 4 O tradutor envía o ficheiro.po aos desenvolventes
- 5 Ao compilar o código compílase tamén o .po nun ficheiro que o programa carga ao executarse

GETTEXT

ESTRUTURA DOS FICHEIROS PO

UNIDADES DE TRADUCCIÓN

Conxunto formato por comentarios, indicadores, contexto, texto-orixe e texto-termo

- Un ficheiro po é unha lista de unidades de tradución (UT)
- A primeira UT é especial:
 - **TEXTO DE ORIXE**: Baleiro
 - **TEXTO-TERMO**: **Metainformación** (tradutor, lingua de destino, formación do plural, codificación ...)

GETTEXT

ESTRUTURA DOS FICHEIROS PO (2)

```

Sesión predeterminada: file:///home/marce/Traducion/gl.po - Kate
Eicheiro  Editar  Documento  Vista  Marcadores  Utilidades  Sesións  Configuración  Fiegra
Novo  Abrir  Abrás  Adiante  Gardar  Gravar Coma  Pexar  Desfacer  Refacer
Documentos
# Galician translation of canna's debconf templates
# This file is distributed under the same license as the canna package.
#
# Jacobo Tarrío <jtarrío@debian.org>, 2007.
# marce villarino <mvillarino@users.sourceforge.net>, 2009.
msgid ""
msgstr ""
"Project-Id-Version: canna\n"
"Report-Msgid-Bugs-To: canna@packages.debian.org\n"
"POT-Creation-Date: 2009-04-19 20:07+0200\n"
"PO-Revision-Date: 2009-04-19 20:30+0200\n"
"Last-Translator: marce villarino <mvillarino@users.sourceforge.net>\n"
"Language-Team: Galician <proecto@traso.ent>\n"
"MIME-Version: 1.0\n"
"Content-Type: text/plain; charset=UTF-8\n"
"Content-Transfer-Encoding: 8bit\n"
"X-Generator: Lokalize 0.2\n"
"Plural-Forms: nplurals=2; plural=n != 1;\n"

#. Type: boolean
#. Description
#: ../templates:2001
msgid "Should the Canna server run automatically?"
msgstr "Debe executarse automaticamente o servidor Canna ?"

#. Type: boolean
#. Description
#: ../templates:2001
msgid ""
# "This package contains the Canna server and server-related utilities. If *
# "you are only interested in these utilities, you can disable the Canna "
Liña: 15 Col: 37  INS LIÑA gl.po
Procurar nos ficheiros  Terminal

```

..gl.po - Lokalize

Eicheiro Editar Ir para Proxecto Sincronizar Marcadores Utilidades Configuración Axuda

Abrir Gardar Desfacer Refacer Procurar Ortografía Primeira entrada Última entrada Anterior Seguinte

Glosario

connect [Ctrl+E]
conectar

server [Ctrl+H]
servidor

Dubidosas: Sen traducir:

Máquinas ás que se lles permite conectar con este servidor Canna:

Diferenzas co orixinal

Hosts Please enter the name of each host allowed to connect to this Canna server:

Contexto da mensaxe

Comentario:

- Type: string
- Description
- Lugar: ../templates:5001
- Cadea anterior: "Please enter the name of each host allowed to connect to this server"

Memoria de tradución

100% Hosts allowed to connect to this Canna server:

[Ctrl+1] Máquinas ás que se lles permite conectar con este servidor Canna:

/61.36% Please enter the names of the H hosts allowed to connect to this Canna server, separated by spaces.
[Ctrl+2] Introduza os nomes das máquinas ás que se permite conectar a este servidor Canna, separados por espazos.

/60.24% The /etc/hosts.canna file lists H hosts allowed to connect to this the Canna server;
[Ctrl+3] O ficheiro /etc/hosts.canna contén a listaxe das máquinas que se poden conectar ao servidor Canna.

Actual: 9 Total: 13 Dubidosas: 0 Sen traducir: 0 Aprobada

ROLES E CICLO DE TRADUCCIÓN

Roles e ciclo de traducción

ROLES E CICLO DE TRADUCCIÓN

OS ROLES

- Coordinador de traducion
 - Un por cada equipo
 - Mesmo que so haxa un tradutor (alguén o ten que facer)
 - Coordinación as tarefas entre os tradutores
 - Iniciación de novos tradutores
- Tradutores
 - Traducen :)

ROLES E CICLO DE TRADUCCIÓN

PASOS DO CICLO

- 1 OBTENCIÓN dos ficheiros
- 2 REAPROVEITAMENTO do traballo feito
- 3 Tradución
- 4 Revisión en busca de calquera erro
- 5 Verificación da SINTAXE
- 6 ENTREGA das traducións

FERRAMENTAS

Ferramentas

FERRAMENTAS

PROGRAMAS PARA L10N: CAT

CAT

Computer Aided Translation

Usamos ferramentas CAT (Computer Aided Translation) para traducir mellor e máis rápido.

Estas ferramentas teñen soporte para memorias de tradución, realzado de sintaxe, glosarios...

As ferramentas CAT divídense en:

- Ferramentas web
- Ferramentas de escritorio

FERRAMENTAS

FERRAMENTAS CAT WEB

Vantaxes

- Múltiples usuarios poden traballar á vez nun mesmo ficheiro
- Interface sinxela de fácil uso para principiantes
- Permiten traducir con só dispoñer dunha conexión a Internet e dun navegador web

Desvantaxes

- Lentas, e aínda non facilitan a corrección nin a homoxeneidade da tradución
- Ineficientes nos grandes proxectos

FERRAMENTAS

FERRAMENTAS CAT WEB (2)



pootle.wordforge.org



launchpad.net/rosetta

FERRAMENTAS

FERRAMENTAS CAT DE ESCRITORIO

Vantaxes

- Rápidas e facilitan a corrección e a homoxeneidade da tradución
- Permiten unha calidade de tradución alta
- Son máis cómodas e a miúdo proporcionan máis funcionalidades

Desvantaxes

- Necesitan unha copia local do ficheiro
- A inclusión do ficheiro de tradución non é inmediata
- Un só tradutor a traballar en cada ficheiro

FERRAMENTAS

FERRAMENTAS CAT DE ESCRITORIO (2)



Lokaliz



Poedit



Gtranslator

Recursos

RECURSOS PARA QUE?

- Aumentar a coherencia das traducións
- Detectar erros
- Traducir máis rápido
- Usar unha linguaxe correcta
- Traducir cousas que nunca antes viramos
 - Estamos na vangarda da actualización do galego, así que moitas veces os recursos creámoslos nós mesmos

RECURSOS

MEMORIAS DE TRADUCCIÓN (TM)

MEMORIA DE TRADUCCIÓN

Banco de datos composto de textos orixinais nunha lingua xunto coa súa tradución en outra(s)

As ferramentas de tradución adoitan usalas para suxerir traducións para os textos que están sen traducir. O seu uso potencia a coherencia das traducións e axiliza o proceso de tradución

RECURSOS

GLOSARIOS

GLOSARIO

Banco de datos composto por significados (definición) e significantes (palabras) en distintos idiomas

Axudan a consolidar a coherencia das traducións e a manter a corrección terminolóxica ao axudarlle ao tradutor a evitar traducións non recomendadas (barbarismos ...)

RECURSOS

NA REDE, ONDE SE NON?

Hai todo tipo de recursos:

- Guías de estilo
- Dicionarios de galego, inglés...
- Glosarios de traducións recomendadas
- Bases de datos de traducións

As ligazóns están recollidas en:

- 1 <http://trasno.net/trasno:recursos>
- 2 <http://tinyurl.com/4rr2jg> (Mancomun.org)

RECURSOS

ROLDAS DE CORREO

Son útiles para:

- Preguntar dúbidas
- Procurar recursos
- Procurar colaboración
- Reparto de tarefas
- Apoio moral...

Exemplos

- proxecto@trasno.net
- g11n@mancomun.org

GRAZAS

- Leandro Regueiro, por facer a presentación orixinal, co Oo.org Impress
- Erik Wilde, da UC Berkeley School of Information, que fixo a conferencia «Internationalization (I18N) & Localization (L10N)», da que se tomou contido.
- A vos.



Esta presentación distribúese sob os termos da lizenza CC Attribution 3.0

Esta presentación foi feita con latex-beamer, e a axuda do editor Kile